


A decorative image showing the edges of several thick books stacked on top of each other, with pages visible. The books are positioned diagonally across the frame, from the top left towards the bottom right.

BASE DA CONVOCATORIA

**EQUIPO
EDITORIAL DA
REVISTA
FERVENZAS**

**COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL
DE GALICIA**



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia



XUSTIFICACIÓN

A **Revista Galega de Traballo Social Fervenzas** constitúe, dende 1997, un espazo de referencia para a difusión do coñecemento, a reflexión e a práctica profesional do Traballo Social en Galicia, dando voz ás e aos profesionais e contribuíndo á promoción da lingua galega no ámbito científico e profesional.

O equipo editorial caracterízase por unha **representación territorial equilibrada das distintas provincias galegas e das escolas universitarias de Traballo Social**. Co obxectivo de reforzar esta representatividade e garantir a continuidade e calidade do proxecto editorial, ábrese esta convocatoria para a incorporación de dúas novas persoas:

- 1 representante da provincia de **Ourense**
- 1 representante da provincia de **Lugo**



OBXECTIVO

Reforzar o equipo editorial

da revista mediante a incorporación de profesionais que contribúan á súa consolidación, calidade científica e conexión co territorio

OBXECTIVO ESPECÍFICOS

- Garantir a representación territorial equilibrada no equipo editorial
- Fomentar a participación activa de profesionais do Traballo Social na produción e difusión de coñecemento
- Impulsar a calidade, diversidade temática e rigor científico dos contidos publicados.
- Promover o uso do galego como lingua vehicular na produción científica e profesional

FUNCIÓS DO EQUIPO EDITORIAL

As persoas seleccionadas formarán parte da mesa de redacción e deseñarán, entre outras, as seguintes funcións:

- Participar na planificación e coordinación dos contidos de cada número da revista.
- Avaliar e seleccionar artigos en función do seu interese, calidade e relevancia profesional e científica.
- Promover a participación de profesionais e entidades da súa provincia na revista.
- Colaborar na revisión editorial e adaptación dos textos ás normas de publicación.
- Propoñer liñas temáticas, seccións e melloras para a revista.
- Contribuír á difusión da revista e dos seus contidos.



Perfil das persoas candidatas

As persoas interesadas deberán cumprir, preferentemente, os seguintes requisitos:

- Titulación de Traballo Social
- Estar colexiada no Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e estar ao corrente de pago das cotas colexiais.
- Experiencia profesional no ámbito do Traballo Social.
- Interese pola investigación, a reflexión teórica ou a difusión do coñecemento.
- Capacidade de traballo en equipo e compromiso co proxecto editorial.
- Vinculación coa provincia á que se presenta (Ourense ou Lugo)


Valorarase positivamente:

- Experiencia previa en publicacións, investigación ou docencia.
- Participación en iniciativas profesionais, sociais ou colexiais.



CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- A participación no equipo editorial terá carácter **voluntario e non remunerado**.
- As reunións realizaránse en formato híbrido con facilitación telemática, e con posibilidade de encontros presenciais.
- Os gastos de desprazamento ás reunións estarán cubertos polo COTSG.



PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

As persoas interesadas deberán remitir:

- CV actualizado
- Carta de motivación (máx. 1 páxina) indicando a provincia á que se presentan

As candidaturas enviaranse ao correo electrónico da revista:

fervenzas@traballosocial.gal

**PRAZO DE
PRESENTACIÓN DE
CANDIDATURAS:
DENDE O 27 DE
ABRIL AO 17 DE
MAIO DE 2026**

PROCESO DE SELECCIÓN

A selección será realizada pola coordinación da revista, tendo en conta os criterios de adecuación ao perfil, experiencia e equilibrio territorial.

RESOLUCIÓN

A resolución da convocatoria será comunicada ás persoas candidatas e publicadas nas canles oficiais do Colexio.

